



O BNG reclama máis autogoverno

- Crónica das iniciativas nacionalistas
- Escolma da intervención de Francisco Rodríguez no Congreso
- Avance no autogoverno Galiza merece máis!

3

4-5

8



Cecilia Pérez Orxe

Secretaría de Acción Municipal do BNG

“Temos que pór en valor o feito de ter afastado ao PP do goberno de vilas como as de Monforte, Sada, Boiro ou Porriño”

6-7

Voceiro do Bloque Nacionalista Galego
2ª época / número 6
xullo 2003

BE-NE-GA

co nacionalismo espazos de liberdade


Dia da Pátria

En tan só doce meses multiplicaron-se os motivos para se achegar a Santiago a reivindicar os dereitos nacionais de Galiza. Un ano bastou para evidenciar a urxente necesidade dun autogoverno digno de tal nome e a importancia de defender publicamente as liberdades e o antibelicismo. Un petroleiro indesexábel, que nos pillou de novo sen Estado, e unha guerra nefasta abriron ollos e mentes e puxeron ao País en marcha: a protesta cidadá combina ben co humor e a creatividade.

Algo está cambiando en Galiza. Removendo os cimentos do poder, a xente –farta de incompetencia, autoritarismo e identidade folklórica– redescobre o valor de participar e manifestar-se politicamente. Medra o sentimento de País e a convicción de que a Galiza non lle chega coa simple alternancia governamental española. Precisamos de máis poder político propio.

A defensa da diversidade e de políticas nacionais libres parece o único antídoto eficaz fronte o afán uniformizador de ideas e territorios. O 25 de Xullo servirá para festexar que afortunadamente neste País hai alternativa: a do compromiso coa democracia, co pacifismo e o autogoverno de Galiza que representa social e institucionalmente o nacionalismo galego. Se te sumas ensancharás os espazos de liberdade que reclama o BNG.

Vemo-nos en Santiago.



Festgal. Un festival con denominación de orixe

Segunda edición deste espazo lúdico-cultural que oferta, dende o nacionalismo galego, unha alternativa aberta a todos os públicos, coa que disfrutar e aprender da diversidade e grazas á que é posíbel apreciar a vitalidade do noso País, a través dunha pluralidade de propostas musicais e artísticas.


12

Crise nas pensións?

Mentras Galiza está á cola de todas as Comunidades Autónomas en canto ás prestacións medias dos seus pensionistas fala-se de novo da iminencia da crise do sistema de pensións e da urxente necesidade de acometer profundas reformas. Curiosamente, todas as receitas coinciden en reducir o gasto público en pensións e potenciar os sistemas privados xestionados por institucións financeiras...

10-11

ACONTECE



Festa e manifestación o 28 de xuño en Santiago

Unha delegación do BNG participou o sábado 28 de Xuño na manifestación unitaria que se celebrou en Santiago para conmemorar o **Día do Orgullo Gaí**. Baixo o lema "Respectémonos", os nacionalistas sumaron-se ás reivindicacións deste colectivo a prol do respecto a súa opción sexual e dunha educación que fomenta os valores da igualdade.

O portavoz Nacional do BNG, **Xosé Manuel Beiras**, e o eurodeputado **Camilo Nogueira** participaron en Bruxelas na **manifestación** que celebrou a plataforma cidadá **Nunca Máis** o día 14 de xuño, na que se reclamou, de novo, unha solución definitiva para o buque afundido, medidas para evitar que podan suceder de novo este tipo de catástrofes e compensacións reais e non propagandísticas para os afectados.



Manifesto Comemorativo do 70 Aniversario do Recoñecemento Internacional de Galiza como unha Nacionalidade

"A participación no IX Congreso de Minorías Nacionais Europeas, organismo adxunto á Sociedade das Nacións, reunido en Berna (Suíza) do 16 a 18 de setembro de 1933, constitúe un evento de primeira magnitude ao concretar, por primeira vez na nosa historia recente, a comparecencia de Galizia, con personalidade propia, nun encontro internacional."

Así comeza o manifesto "**Galicia, un País no Mundo**" que podes ler e asinar en www.igadi.org.

O eurodeputado **Camilo Nogueira** participou en Brasil, como integrante dunha **delegación do Parlamento Europeo** que se desprazou até este País entre o 8 e o 11 de xuño, nunha serie de **encontros** con membros do Partido dos Traballadores (PT) e con diferentes **cargos públicos do goberno de Lula**, que lle transmitiron como para eles é unha prioridade traballar a prol das relacións entre a UE e os Estados do Mercosul.

O BNG vén de aprobar un **documento** sobre a **Reforma da Política Agraria Común (PAC)** –que conta co visto bo de todos os ministros da UE desde o 25 de xuño– no que denuncian que se trata dunha proposta que agudiza o declive do noso sector agro-gandeiro ao consolidar un modelo que anulou as posibilidades do seu desenvolvemento na última década. Esta formación política rexeita a PAC porque non se adapta á realidade do País, non resolve os problemas estruturais do sector, constitúe un novo ataque a subsectores de vital importancia –como o lácteo– que xa sufriron recortes na súa capacidade produtiva, consolida as vantaxes dos Estados do centro e norte de Europa e manterá a marxinación na percepción de axudas comunitarias. (Consultar o documento completo na páxina web: www.bng-galiza.org)



Chema Ferreiro do grupo parlamentar do BNG

O **grupo parlamentar** do BNG está a traballar no Relatorio onde se debaten as emendas parciais á **Lei de Ordenación Sanitaria de Galiza**, para que o proxecto definitivo sexa un proxecto consensuado e non conleve a privatización encoberta do sector. O BNG solicitou a devolución do texto tal e como foi remitido da Xunta ao Parlamento pero ante a negativa do PP está tratando, através das ditas emendas, de corrixir ao máximo posíbel as súas eivas. Para os nacionalistas, ademais do risco da privatización, a LOSGA tamén conleva:

- Agredir os dereitos laborais do persoal sanitario
- Desconsiderar a opinión dos colectivos afectados
- Homologar os centros públicos e privados
- Eliminar a gratuidade de atención aos enfermos crónicos e discapacitados
- Manter o modelo das Fundacións
- Non dar solución ás listas de espera e ás desigualdades asistenciais entre zonas.



LER PARA CRER

"Fraga ve el envejecimiento como el más importante éxito del siglo XX"

(Faro de Vigo, 22 de xuño)

"Fraga culpa a los gobiernos de Felipe González de la pérdida de población"

(Voz de Galicia, 20 de xuño)

"Galicia no contiene su sangría demográfica"

(Correo Gallego, 18 de xuño)

"La Eurocámara insta a extraer de inmediato el fuel del barco"

(Voz de Galicia, 13 de xuño)

"La extracción de fuel del Prestige se aplaza a la primavera de 2004"

(Faro de Vigo, 6 de xuño)

"Fraga justifica la medalla a Cascos en el impulso que dio a las infraestructuras"

(Voz de Galicia, 27 de xuño)

"UGT denuncia que un texto de la selectividad catalana califica a Fraga como dictador"

(Voz de Galicia, 18 de xuño)

CAIXA DE CORREO

Aberta ás tuas opinións...

O BNG reclama máis autogoverno

O aniversario do Estatuto de Autonomía de 1936, que se celebra cada 28 de xuño, serve para que as distintas forzas políticas fagan as súas respectivas “declaracións de intencións” sobre o nivel competencial e de autogoverno que ten o País, promesas que non pasan de aí, de ser “meras intencións” feitas públicas. O Bloque Nacionalista Galego, sen embargo, ante a “involución” do Estado cara a políticas cada vez máis centralizadoras, reptou ao PSdeG e ao PP a retomar as negociacións e chegar a un acordo polo que se produza o traspaso a Galiza de todas as competencias aínda pendentes. Procura-se, deste xeito, dar os pasos oportunos para saldar unha débeda histórica co País, satisfacer as demandas da cidadanía e, de paso, devolver ao Parlamento o seu papel, ao facer efectiva unha resolución que xa fora aprobada o pasado ano no Debate do Estado da Autonomía e que non está sendo impulsada polo goberno da Xunta, segundo o acordado na Cámara.

O Bloque Nacionalista Galego, ante a “teima recentralizadora” que está a padecer o Estado, reactivou a iniciativa política a prol do avance no autogoverno do País, para o que se valeu da Convención Municipal celebrada o 28 de xuño –onde apresentou o manifesto “Abramos as fronteiras da autonomía de Galiza”– así como da súa representación institucional no Parlamento de Galiza e no Congreso, onde demandou, através de distintas iniciativas, o cumprimento dun acordo asumido en outubro do pasado ano a respecto do traspaso de Competencias.

Trata-se, concretamente, da solicitude formulada pola Comunidade Autónoma galega ao Ministerio de Administracións Públicas o 3 de setembro do 2002, relativa ás Transferencias pendentes desde a Administración Xeral do Estado a esta Comunidade, da que tivo coñecemento o Parlamento galego durante o debate sobre o Estado de Autonomía celebrado o 8 de outubro.

O impulso que se deu desde Galiza a esta iniciativa foi celebrado polo BNG porque, ademais de significar un pequeno paso cara ao autogoverno, reconece implicitamente que o marco competencial non está esgotado, como sempre argumentan os gobernos populares, aquí e en Madrid. De feito, en palabras do deputado Alfredo Suárez Canal, Galiza podería asumir até 50 competencias novas e hai ao menos 15 leis españolas que invaden competencias deste País.

Mais aquel debate semella ter ficado no olvido e non ter sido

máis que unha mostra de boas intencións, pois case un ano despois o BNG ten que presentar unha serie de iniciativas parlamentares para reabrir o tema e exixir que se cumpra o xa asumido. É por iso que o Portavoz no Congreso, Francisco Rodríguez, define tanto a moción presentada nas Cortes como a pregunta presentada a Fraga no Hórreo como un xeito de “mover as augas que estaban estancadas, nunha dirección que é claramente coincidente co que demanda a maioría social de Galiza: a necesidade de termos maior poder político como País”.

A estas iniciativas hai que sumar o repto lanzado polo Portavoz Nacional, Xosé Manuel Bei-

ras, ao PSdeG e ao PP, para que se impliquen “de facto” na resolución desta demanda que o BNG “re-contextualizou” no manifesto “Abramos as fronteiras da Autonomía de Galiza”, presentado o 28 de xuño coas ideas centrais do

documento “Galiza merece máis”, a proposta do nacionalismo galego para “o desenvolvemento do actual marco estatutario e a superación do mesmo através da súa reforma, procesos que se complementan e en nengun caso se contraponen”.



“Abramos as fronteiras da autonomía de Galiza”



Parlamento español

Escolma da intervención de Francisco Rodríguez, portavoz do BNG, no debate de política xeral do 1 de xullo

Cada galego vale a metade dun español



Francisco Rodríguez, portavoz do BNG no Congreso

O povo galego pudo comprobar, con rotundidade, o desinterese do seu Goberno e o seu distanciamento persoal con Galiza. A actuación en relación coa catástrofe do Prestige evidenciou a moitos galegos a indolencia do goberno de España e a súa cos nosos problemas. (...)

Cando comprobaron a acción de dignidade e repulsa expresada através da plataforma Nunca Máis reaccionaron con ameazas de criminalización. E tardiamente cun Plan Galicia, que é toda unha manifestación da súa proclividade á fraude propagandística. Axitan unha cifra máxima de 12.000 millóns de euros para Galiza, pero a realidade é que investimentos reais, novos, comprometidos nos orzamentos xerais do Estado, para paliar as consecuencias da catástrofe, non existen. (...)

Foron vostedes, iso si, rápidos na concesión de axudas aos afectados en primeira instancia, presionados pola magnitude social do problema, pola iniciativa do BNG no Congreso e pola reacción popular. Curiosamente a súa eficacia neste eido conleva actitudes do control e chantaxe a moitos afectados. Confunden partido con Administración, facendo-lles crer que os cartos que reciben é grazas ao Partido Popular. (...) A estas alturas resulta especialmente preocupante que sigan empeñados na desinformación e na mentira sobre o estado do noso ecosistema. A responsabilidade non obriga a negar os feitos. Non causar alarmismo non significa non informar con veracidade. O mellor servizo a Galiza é, neste tema, unha actuación clara, planificada, que diferencie o avanzado do moito que queda por facer.

A catástrofe do Prestige evidenciou que o reparto competencial no Estado español dista

moito de responder á lérica oficial de que estamos no Estado máis descentralizado do mundo. (...) Vostede sabe que estando implicada na catástrofe case exclusivamente a competencia do goberno central, as consecuencias sociais teñen que ser enfrontadas pola Xunta, botando man do seu erário (o 75% das axudas corre a conta do noso erário e o 25% a conta da administración central). Evidentemente non corre perigo a unidade de España. Quen corre perigo é o futuro de Galiza. Comprenderá vostede que precisamos ter capacidade para efectivizar unha política propia, ao servizo dos nosos intereses e menos condicionada por quen, desde a súa distancia, só ve Galiza como unha parte marxinal, sen relieve político en España.

O proceso de institucionalización da Unión Europea está sendo utilizado polo seu goberno para recentralizar as competencias autonómicas. Quere vostede afortalar o Estado español cando xustamente sería máis importante incrementar o abano competencial polo menos das nacionalidades históricas, concretamente de Galiza. (...)

Galiza non converxe economicamente nen co Estado español nen coa UE, o cal é todo un índice de que a política que padece non é a axeitada. Todas as estatísticas situan-nos como un povo en retroceso demográfico, con escasa creación de emprego e baixa taxa de ocupación, e cun incremento moi modesto do produto interior bruto. Para avanzar na converxencia necesitamos maior autonomía. Necesitamos xestionar con sentido de país os recursos cos que contamos, desenvolver a nosa potencialidade económica e que o goberno do Estado nos teña en conta. O investimento destinado a Galiza durante todos os anos de

governo do Partido Popular é o 50% do que nos correspondería mesmo polo noso peso demográfico no Estado. Cada galego vale a metade dun español en termos orzamentarios. As infraestruturas realizan-se: 1) con lentitude pasmosa (dez anos para 160 km. de ferrocarril, as últimas cidades do Estado en contar con estacións depuradoras de augas residuais) 2) con tendencia a aplicar-nos modelos obsoletos (canta reclamación para asumir o acceso ferroviario con dobre vía por Ourense!) 3) con primacía do especulativo e falta de planificación (portos exteriores como o de Ferrol que non contará con accesos de ferrocarril e que só terá un, tardío, unha estrada de pouca capacidade). Conceden, despois de moito reclamar e con tendencia a xustificar-se con que outros facían o peor.

Non haberá auténtica Sociedade de Nacións se os povos non son donos de si propios

en termos orzamentários

Para o nacionalismo galego o seu entusiasmo globalizador e o seu aliñamento na política internacional é preocupante e de consecuencias moi negativas. Está vostede empeñado no dogma da estabilidade orzamentaría e do déficit cero, un modelo

non conduce precisamente cara á harmonía e á xustiza.

Como non conduce cara á harmonía nen á xustiza avalar agresións de carácter colonial contra todo aquel que non acepte entusiasta a nova orde internacional. (...)

mamentística e militarista. Efectivamente a súa posición internacional ten moito que ver coa súa política interior e o seu gosto por unha democracia claudicante. O antinacionalismo forma parte esencial da súa política interior en perfecto acorde coa súa asunción da globalización como arma xerárquica, discriminatória e opresiva. Quero recordar-lle que o nacionalismo, en particular o galego, responde ao postulado da democracia, o pacifismo e o internacionalismo. E é, aínda que non lle guste, unha contribución esencial e lexítima do pluralismo constitucional. O BNG é o polo oposto a privar a outros povos do seu autodomínio e do exercicio da súa vontade para cambiá-lo por un poder e unha vontade alleas. Non haberá auténtica Sociedade de Nacións se os povos non son donos de si mesmos.



Manifestación na Coruña, 9 de febreiro 2003

neo-liberal ditado pola OCDE, o FMI e o Banco Central Europeu. Non serve para o desenvolvemento. Os seus intentos de asalto aos dereitos sociais para precarizar máis o mercado de traballo atoparon-se cunha contundente resposta social. Esperemos que o seu seguidismo dos ditados de organismos transnacionalizados para enfeblecer o sistema público de pensións, xa suficientemente limitado, fracase polo ben da xustiza social. Reducir dereitos sociais

Cre vostede que co seu servilismo obterá vantaxes. Pode ser que a súa concepción da *España UNA* conte con máis valedores. Pode ser que axude á regresión ideolóxica da sociedade e ao deterioro das institucións democráticas. Coñecemos a súa predisposición a descalificar o pluralismo político e as razóns do discrepante. Añora o modelo bipartidista norteamericano. Poderá xustificarse sen dúbida máis gastos en defensa, reforzando a política ar-

A catástrofe do Prestige evidenciou que o reparto competencial no Estado español dista moito de responder á lérica oficial de que estamos no Estado máis descentralizado do mundo

Calexón sen saída

Javier Pérez Royo

(*El País*, martes 17 de xuño 2003)

(...) a Lei de Partidos (...) meteu-nos nun calexón sen saída porque, aínda que formalmente a lei circunscribe-se a limitar o dereito de asociación recoñecido no artigo 22 da Constitución Española (CE), materialmente o que acaba limitando na aplicación que da mesma se está facendo é o dereito de participación política recoñecido no artigo 23 CE. É o que ocorreu nas recentes eleccións municipais coa anulación das candidaturas promovidas por agrupacións de electores. É o que está ocorrendo coa extensión da disolución de Batasuna ao Grupo Parlamentar Sozialista Abertzaleak. (...)

Tanto as agrupacións de electores como o grupo parlamentar son expresión do dereito de participación política e non do dereito de asociación. (...) Este dereito de participación política é o dereito constitutivo da cidadanía e, por tanto, constitutivo da igualdade. Somos cidadáns unicamente porque participamos en condicións de igualdade nos asuntos públicos directamente ou por medio dos nosos representantes *libremente* elixidos (...).

No ordenamento xurídico unicamente se contempla a privación do exercicio do dereito de participación de maneira individualizada e mediante sentenza xudicial firme. (...) Cualquer outro que pretendese impoñer-se sería radicalmente anticonstitucional. Suporía a negación do fundamento no que descansa a lexitimación democrática do Estado. (...)

Por iso non se pode impedir que se constitúan agrupacións de electores ou grupos parlamentares. Iso só pode facer-se anticonstitucionalmente. E por iso as decisións que están adoptando o Tribunal Supremo e o Tribunal Constitucional a respecto das agrupacións de electores e do grupo parlamentar carecen de fundamentación xurídica. (...)

Formalmente estamos ante resolucións xudiciais, pero materialmente estamos ante resolucións políticas. (...) Por iso estamos nun calexón sen saída. Ao nacionalismo democrático basco está-se-lle situando ante a seguinte disxuntiva: ou vostedes suicidan-se ou eu mato-os. Se executan as decisións formalmente xudiciais pero materialmente políticas, suicidan-se, porque entran nun conflito insolúbel coa súa propia base electoral. Se non as executan...

Cecilia Orxe Pérez

Secretaría de Acción Municipal do BNG

A mesma noite electoral o Bloque Nacionalista Galego recoñecía publicamente, nun xesto pouco común en política, que os resultados do 25-M non cumpriran as súas expectativas; así mesmo, na opinión pública pesaba a percepción de que, máis “o que choveu”, non se produciran cambios substanciais no País. Son as leituras “estratéxicas”, “sicolóxicas” e “mediáticas” dos primeiros días, que miden o éxito ou fracaso dos comicios en base a que o PP se mantivo en Muxia e o BNG non foi quen de conservar as alcaldías de Ferrol e Vigo. Hoxe, sen embargo, unha vez constituídas as corporacións locais, a realidade é que se desterraron de Galiza as grandes maiorías absolutas do PP e hai un desprazamento desta forza política que se estende desde as urbes —proceso que xa comezou no 99— até as vilas máis importantes e máis povoadas do territorio, historicamente conservadoras, tais como Carballo, Porriño, Monforte, Boiro ou Sada, que contan cun alcalde nacionalista. Esta é, polo menos, a perspectiva desde que a Secretaría de Acción Municipal, Cecilia Pérez, analiza o resultado real e definitivo das pasadas eleccións, que outorgaron ao BNG 19 alcaldías e cerca de 600 concelleiros

Non se trata de obviar nen minimizar o que implica, obxectiva e subxectivamente, perder os gobernos de Ferrol e Vigo e saír do de Lugo, pero si se podería pensar que os partidos da oposición “mata-as calando” —como se adoita dicir— pois tras o 25-M Galiza ten o maior número de gobernos nacionalistas da súa historia e os cidadáns e cidadás deste País contan con máis alcaldes de signo diferente ao popular. A revolución comezou no 1999 nas cidades e no 2003 continúa por municipios que tentan ser eclipsados polos resultados de Muxia pero que representan “importantes áreas de influencia” e son a constatación de que o cambio que proclamaba o BNG “vai-se dar”. Cecilia Pérez ve-o así e conforme a esta premisa fai a seguinte lectura do novo mapa político municipal galego:



Cecilia Pérez Orxe. Secretaría de Acción Municipal do BNG

Está claro que cos resultados acadados o Partido Popular comeza un declive evidente do seu traballo político e perde poder en concellos importantes, onde era preciso e imprescindible que se podesen dar un cambio, xa que durante moitos anos estiveran gobernados dun xeito totalmente caciquil e clientelar por parte do PP. Este era un dos nosos obxectivos para estas eleccións e conseguimos-lo en municipios como Carballo, Sada ou Monforte, onde ese cambio vai dar-se e con gobernos nacionalistas.

Para o BNG ese cambio tamén o reivindicaban os concellos da Costa da Morte, a consecuencia da catástrofe do Prestige e, sen embargo, os votos semella que emitiron outra mensaxe.

Non se pode falar da Costa da Morte collendo a parte polo todo. Cando se fala da Costa da Morte nos medios e o PP fala-se, basicamente, de Muxia e incluso

en Muxia hai que ter en conta que os populares conservan a maioría pero baixando votos. Ademais hai moitas máis zonas moi castigadas polo Prestige onde a cidadanía si decidiu dar un xiro e castigar aos populares, por exemplo no Morrazo, onde é importantísimo que o BNG recuperara alcaldías como as de Bueu ou Moaña. Tamén hai que pór en valor estes resultados, nós imos traballar para pór en positivo os gobernos destes concellos así como os de Monforte —o segundo en importancia da provincia de Lugo—, Carballo, O Porriño ou Sada, dos que apenas se fala e non se analiza.

Alguns destes concellos dos que fala e, en xeral, o novo cenário que se dá no País foi posíbel grazas aos pactos con outras forzas políticas, especialmente co PSdeG-PSOE. Que valoración fai dos mesmos?

Nós sempre fomos claros. Presentábamnos para ter go-

vernamentalistas en todos os concellos pero de non conseguir maiorías suficientes sempre dixemos e estivemos abertos a dialogar con todo o mundo e maioritariamente co PSdeG. Grazas a esta predisposición positiva, grazas a que o BNG é unha forza que dialoga e fala con todos, na búsqueda do mellor para os concellos, podemos asinar o acordo nacional que posibilitou que houbera máis alcaldes nacionalistas e que noutros concellos non haxa gobernos do PP.

O Acordo Marco no que se produciron estes pactos asinou-se antes da data de investidura dos alcaldes, sen embargo, a diferéncia do 1999, a negociación presentaba-se máis complicada pois desenvolveu-se desde posturas menos xenerosas por parte do BNG. Dificultou este punto o proceso?

Hai catro anos a situación era completamente diferente, tiña-

“Temos que pór en valor o feito de ter afastado ao PP do goberno de vilas como as de Monforte, Sada, Boiro ou Porriño”



Peche do mitin electoral en Ferrol

mos claro que non iamos consentir gobernos populares e ali onde foi posíbel un goberno de coalición fixemo-lo e fomos leais e respetuosos cos acordos acadados. Sen embargo, non podemos dicir o mesmo dos nosos sócios, que en moitos casos, sobre todo onde nós estábamos en minoría, tentaron eclipsar e rendibilizar o noso traballo, non xogaron limpo sempre, chegando a boicotear moitas iniciativas que tiñan que sair adiante por consenso. Tiñamos esta experiencia acumulada e había que corrixi-la. Por iso, como o BNG é unha forza política que sempre está aprendendo, o que fixemos foi analizar o positivo e negativo deste tempo, concluímos e decidimos que non podíamos ser tan xenerosos.

Existen garantías formais no Acordo para evitar que sexa rendibilizado só por unha forza política, tal e como denunciaron que ocorreu co pactado no 99?

Si. Isto é unha novidade a respecto do anterior mandato. Seguindo un pouco o esquema de traballo do Acordo establececeu-se a creación dunha Comisión –integrada por membros das dúas direccións– que analizará periodicamente o cumprimento do pactado nas grandes cidades. Nun segundo nivel, ali onde as localidades decidiran chegar a pactos de gobernabilidade ou gobernos xunidos haberá unha comisión local encargada de verificar que se están cumprindo as condicións que se asinaron.

O modelo de Deputación aprendeu-se como outro dos escollos nas conversas co PSDeG, ao non renunciar o BNG a un organigrama que rachara coa estrutura caciquil desta institución. Como se superaron as discrepancias?

Nós tiñamos claro, e así o proclamamos durante a campaña, que as Deputacións tiñan que estar ao servizo dos concellos e non de intereses partidistas, por iso presentámo-nos na negociación cun organigrama novo, básico para poder reestruturar o goberno e funcionamento desta institución. O PSDeG-PSOE, pola súa banda, coincidía na filosofía pero non aportou, nun primeiro momento, ningún esquema de traballo corrector do anterior mo-

delo. Despois apostou por un organigrama que mantiña as 4 vice-presidencias, ante o que nós non podíamos ceder porque supuña priorizar, ao noso entender, o reparto de poder entre as distintas sensibilidades do PSOE. O BNG non podía facer concesións neste sentido, pois iría en contra dos intereses dos concellos, que en último termo é o que daba sentido ao acordo, por iso houbo un momento, debido ao recelo dos socialistas, no que estivo a piques de naufragar, pero ao final o PSDeG cedeu e aprobouse unha Deputación cun presidente e un vice-presidente.

A participación das mulleres

Os comicios do 25 de maio caracterizaron-se polo debate supramunicipal, cando o que estaba en xogo era o goberno dos concellos, os verdadeiros protagonistas eran os homes e mulleres que aspiraban a xestionar o máis próximo: o lugar onde vivimos. Nas candidaturas nacionalistas, como cabeza de lista presentaron-se 259 homes e mulleres, 48. Son cifras que así, sen referencia algunha, seguen a impresionar por desproporcionadas pero que, en relación aos datos de 1999, demostran cómo en 6 de cada 10 candidaturas tense aumentado a presenza feminina. A respecto de 1999 o BNG tamén deu un paso máis na súa política de igualdade e designou como responsable de Acción Municipal a Cecilia Pérez, mestra e concelleira en Redondela, quen, por vez primeira, levou esta área da dirección nacional á participación activa e presencial na campaña, pateando o País en apoio dos 307 candidatos/as nacionalistas.

“Galicia só ten trece alcaldesas e todas en concellos do rural”, titulaba *El Correo Gallego* hai uns días...

Si, só 13 alcaldesas e nós nengunha. O BNG fixo unha aposta moi importante na concepción das súas candidaturas para a incorporación da muller,

e en postos de saída, mais a cidadanía é quen decide e non quixo unha muller nacionalista nos seus concellos.

Por ser muller, por ser nacionalista...?

Non creo que á hora de decidir o voto nestas eleccións haxa reticencias ante o feito de ser muller, non creo que a nosa condición como mulleres sexa determinante, quero crer –alomenos– que xa non se cuestiona se somos ou non capaces, penso que entran en xogo moitos outros factores, de aí que desde o BNG vaíamos seguir traballando por todas estas mulleres que se apresentaron e que van facer un traballo de oposición importantísimo

A presenza feminina nas listas, por obrigación ou por convicción?

Mentres a sociedade siga funcionando como até o de agora tes que facer discriminación e potenciar o máis desfavorecido para igualar. Eu recoñezo que se non fose muller non tería aceptado estar na Executiva pero considero que as situacións desiguais non as podes corrixir coas mesmas medidas e nós temos que aproveitar-nos disto e estar en todas as institucións para, desde alí, facilitar que as cousas muden.

A “morena” do BNG?

Cando lin iso... non nego que houbera días que non quixera tirar a toalla porque foi un esforzo moi grande e para nós, as mulleres, máis pois temos unha tripla carga: a persoal, a profesional e a política, pero insisto, temos que estar aí para favorecer que se dean pasos cara adiante, como fai o BNG. Moitas veces somos nós mesmas as que tiramos cara atrás, porque –produto da educación– se nos exige o dobre, porque somos máis prudentes e temos certo medo cénico... que hai que superar, temos que ser máis botadas para adiante e estar, participar e traballar a prol da igualdade



Galiza merece máis!

Avance no autogoverno*



O plantexamento de incrementar a capacidade de decisión política de Galiza, tería que responder e estar orientado por obxectivos claros e precisos que poderíamos agrupar ao redor dos seguintes principios:

- Ter capacidade de incidir de xeito determinante na base produtiva e nos sectores estratégicos, para desenvolver unha promoción económica e do emprego axeitadas ás nosas necesidades e que supere claramente as restricións e limitacións actuais.

- Exercer a dirección, xestión e organización dos servizos públicos que forman parte da estrutura do estado do benestar, para dar acaída cobertura e resposta ás nosas especificidades.

- Estar en disposición de organizar, promocionar e estruturar sen interferencias, todo aquilo que se pode considerar que son os sinais identificativos da expresión da nosa identidade como nación (idioma, cultura, patrimonio, etc...).

- Poder deseñar, articular e impulsar a execución da nosa ordenación territorial e a estrutura administrativa, institucional e da xustiza en Galiza para dar resposta a un crecemento harmónico, equilibrado e sostíbel.

- Reformas institucionais no Estado e en Europa para garantir, por unha banda, a maior capacidade de decisión de Galiza nas cuestións de trascendencia que nos afectan e, por outra, camiñar nas reformas institucionais que reflicten a diversidade nacional existente.

- Recoñecer a diversidade de realidades nacionais existentes no Estado e aceptar a expresión política da mesma con solucións institucionais e competenciais que podan ser asimétricas.

- Articular un modelo de financiamento que permita desenvolver unha economía autocentrada, garantindo a suficiencia e autonomía financeira.

Para o BNG estes principios significan a plasmación, no plano político, social e cultural, da expresión da diversidade nacional existente no Estado, e que tería unha formulación razoabelmente satisfactoria na reforma do Estado para que reflexase no plano político o carácter plurinacional. Ese sería o horizonte que garantiría de xeito acaído a capacidade de Galiza para desenvolver unha política propia nos aspectos fundamentais que afectan á nosa sociedade e aos nosos cidadáns e cidadás. A estrutura política do Estado actual foi forzada pola existencia no seu seo da diversidade nacional, aínda que a plasmación conxuntural que adoitou, en función de múltiples variábeis, deu un resultado que non representa as aspiracións do BNG. As limitacións que o propio marco ten sufrido e está a sufrir, representan unha merma aínda superior ao facer unha interpretación e aplicación do mesmo que restrinxen de xeito moi significativo a

Frear o proceso involutivo e avanzar en concrecións de carácter competencial que podan significar un incremento da capacidade de decisión política de Galiza

capacidade competencial que podería desenvolver-se. Iso obriga-nos a expor hoxe, desde unha perspectiva galega, unha reflexión sobre o estado da cuestión e unha proposta que permita avanzar na capacidade de decisión política de Galiza, e que permita tamén fixar posición para o futuro inmediato, que asegure estar en disposición de que no debate que se está a producir, e que aínda se pode producir máis intensamente no Estado, contemos con instrumentos e propostas que permitan que o noso país non sexa un convidado de pedra, senón que teña iniciativa propia. A proposta que hoxe facemos en dous cenários políticos dentro do marco actual, poden contemplar-se como instrumentos para frear o proceso involutivo e avanzar en concrecións de carácter competencial que po-



dan significar un incremento da capacidade de decisión política de Galiza.

Os dous cenários son:

A utilización de todo o potencial do marco actual e a súa interpretación, plasmación e desenvolvemento nun sentido diferente ao carácter uniformista e restritivo que se pretende facer no proceso involutivo que neste terreo se está a producir no Estado.

Abordar unha reforma do Estatuto que avance no rango competencial galego, orientada nos principios inicialmente expostos e que daría rango formal a algunha das propostas do cenário anterior, e sobre todo superaría algunha das ambigüedades do texto constitucional que permite ser interpretado sempre en sentido centralista; e, xa que logo, debería ser concebido tamén con amplitude de miras e seguramente levaría aparellada unha reforma do texto constitucional, con vistas ao recoñecemento do carácter nacional de Galiza e plurinacional do Estado.

O deficiente grao de cumprimento do Estatuto fai que advoquemos en primeiro termo por unha interpretación máis extensiva do mesmo; pero sen deixar de explorar outras vías que nos permitan avanzar cara maiores niveis

de autogoverno, como é a propia revisión e reforma do EAG. O desenvolvemento do actual marco estatutario, e a superación do mesmo através da súa reforma, xa que logo, procesos que se complementan, e en ningún caso se contraponen. As concrecións políticas que se podan producir xa na actual situación poderían incorporar-se a unha reforma estatutaria para dar-lle máis consistencia normativa. Mesmo poderían abordar-se simultaneamente, quer dicir; abordar xa as concrecións e os avances que son posibles hoxe, e ir-lle dando forma a unha reforma estatutaria. En suma, as propostas de ampliación de competencias até os máximos permitidos polo actual EAG, incluso recollendo transferencias extraestatutarias, son un paso adiante que pode dar pulo a un novo cenário máis propicio a unha revisión profunda do actual marco estatutario e constitucional, pois asentará-se máis firmemente a lexitimidade das institucións galegas.

* Introducción á Proposta do BNG para o incremento da capacidade de decisión política de Galiza (Setembro de 2002).



15 anos medrando por Galiza



O nacionalismo galego desde o seu nacemento, tivo como unha das súas premisas fundamentais a auto-organización da sociedade galega, é dicir, dotar ao povo galego de organizacións propias a todos os niveis: político, sindical, estudantil, cultural, labrego e como non, tamén xuvenil.

Baixo ese principio fundamental, constituíu-se no ano 1988 a organización xuvenil do nacionalismo galego: Galiza Nova. Pasaron, pois, 15 anos desde a súa fundación, que non fan outra cousa máis que reafirmar o acerto de dotar ao conxunto do nacionalismo galego dunha ferramenta para actuar entre a mocidade. Unha organización capaz de dar resposta ás principais inquedanzas e problemas, permitindo-lle ser un medio axeitado para a transmisión da mensaxe do nacionalismo entre un dos segmentos da poboación historicamente máis proclives ao mesmo. Un movemento político existe cando ten razón de ser, cando ten unha funcionalidade social para un grupo. Nese sentido Galiza Nova existiu ao longo destes 15 anos –e seguirá existindo– porque en Galiza existen condicións obxectivas que a sustentan.

Neste tempo Galiza e a súa mocidade foron o epicentro da nosa loita diaria: a defensa de postos de traballo no país con condicións dignas para a mocidade, a defensa dun ensino verdadeiramente público e de calidade, democrático e centrado no país, a defensa de todos aqueles mozos que fixeron da insumisión unha das batallas –e vitorias– máis importantes do nacionalismo xuvenil, a defensa do idioma, a loita contra a dobre discriminación que sofren as mozas deste país, a defensa do noso medio ambiente, a paz, a liberdade de opción sexual, a solidariedade antimperialista, a defensa dun ocio alternativo para a mocidade, a recuperación da nosa cultura e memoria histórica, e por suposto a defensa incansable do dereito á autodeterminación de Galiza e de todos os povos oprimidos do mundo.

En 15 anos, conseguimos dotarnos dunha estrutura cada vez máis sólida, revisada e potenciada, superar obstáculos, mellorar e com-



pletar as nosas análises sobre as alternativas para a xente moza e afinar a forma de actuar e sumar apoios. Evidentemente, quedan moitas cousas que facer e mellorar. Poder hoxe ollar cara a estes 15 anos –sobran os dedos dunha man para contar as organizacións xuvenís galegas con tanta “idade”–, constatar a validez e necesidade do noso traballo e poder palpar a súa funcionalidade práctica, non fan máis que aumentar a ilusión por seguir adiante e se cabe con máis razóns que nunca. No país e no mundo en que vivemos non só é necesario, senón imprescindible, que a mocidade teña canles de participación e de información alternativas.

Non poderíamos –nen quereamos– rematar esta breve reseña sen facer unha mención especial a todas persoas que militaron en Galiza Nova e hoxe forman parte do Bloque Nacionalista Galego, porque grazas ao seu traballo, adicación e ilusión, hoxe outras xeracións podemos falar deste 15 aniversario. A todas e todos eles, máis que a ninguén, vaia a nosa “felicitación colectiva” porque Galiza Nova ten xa reservado o seu sitio no pasado e futuro do nacionalismo galego e de Galiza.

Crise nas pensións?

Mentras Galiza está á cola de todas as Comunidades Autónomas en canto ás prestacións médias dos seus pensionistas fala-se de novo da iminencia da crise do sistema de pensións e da urxente necesidade de acometer profundas reformas. Curiosamente, todas as receitas coinciden en reducir o gasto público en pensións e potenciar os sistemas privados xestionados por institucións financeiras...

Seguindo fielmente unha estratexia xa coñecida, van-se inoculando na sociedade mensaxes sobre o difícil futuro que lle espera ao sistema público de pensións, en base a proxeccións baseadas en modelos hipotéticos, económicos e demográficos, alertando do perigo que supón para a pervivencia do actual sistema o envellecimento da poboación. Para facer máis veraces eses augúrios, non hai reparo en elucubrar sobre a cifra de poboación a tres xeracións vista, e en converter tendencias sobre a evolución demográfica en informacións e datos reais sobre os que deseñar a regulación futura das pensións.

Mais se quixésemos ousar aventurar o futuro non podemos esquecer o pasado. A mediados da década dos 90 o sistema público de pensións estaba en perigo, e callo habilmente a idea da existencia dun excesivo déficit público cuxas consecuencias inmediatas sobre o gasto en pensións podían ser nefastas. Mália que nunca se despois con claridade cal era o alcance do burato nas contas da Seguridade Social, adoptou-se un rápido consenso sobre as reformas que había que realizar no sistema público de pensións, que se popularizou como "Pacto de Toledo"¹.

Das reformas aprobadas dentro do Pacto de Toledo, destaca a existencia dun maior esforzo contributivo por parte dos traballadores/as ao longo da súa vida laboral, pois conleva facer descansar na responsabilidade individual de cada traballador/a o futuro da súa

pensión, unha idea próxima aos sistemas de capitalización que oferta o sector privado, e lonxana ao modelo de reparto interxeracional instaurado desde a creación da Seguridade Social Pública, no que os traballadores en activo financian as pensións dos pasivos, e xa que logo, a contía das pensións garante-se pola situación xeral da economía, fomentando así a solidariedade interxeracional. Ese acordo concretou-se na ampliación do período de cálculo das pensións dos 8 aos 15 anos, provocando un efecto inmediato de diminución xeral das pensións².

Agora, afondando nesa idea, o Goberno do Partido Popular propón estender aínda máis o período de referencia para o cálculo da pensión até abranguer toda a vida laboral dun traballador/a. A introdución desa medida, segundo coinciden a maioría dos expertos, suporía unha rebaixa nas prestacións de xubilación situada en torno ao 30 por 100³, alén de provocar unha forte redución de perceptores da pensión máxima.

De novo, a proposta vén acompañada dunha corrente de opinión de fondo, baseada en menxases propagandísticas e dogmáticas e sustentada por todo tipo de organizacións ao servizo dos poderes financeiros, que, facendo "gratuitamente" as contas por nós, alerta da iminencia da crise do sistema de pensións e da urxente necesidade de acometer profundas reformas⁴.

Curiosamente, todas as receitas coinciden en reducir o gasto

Pasarruas en Vilarinho de Conso, Ourense 2002



público en pensións e potenciar os sistemas privados xestionados por institucións financeiras. Esas propostas profundizan nunha liña de debilitamento do sistema público de pensións, de xeito que se avanza cada vez máis cara a unhas pensións mínimas fornecidas pola Seguridade Social, abrindo así camiño ás fórmulas privadas de previsión social, para que nun futuro sexan a parte máis importante do sistema de pensións. Isto é o que nos parece grave: o abandono dun importante espazo de previsión pública está-se a producir a costa da redución da intensidade protectora que confire o nivel público de pensións contributivas.

Seguir avanzando nesa liña tamén restrinxen a liberdade e o dereito de opción da cidadanía, pois

situa as pensións públicas en mínimos de subsistencia que non permiten obter rendas dignas, co que o recurso ao sistema privado será máis unha obriga que un convite amistoso. Iso supón tamén abandonar o control democrático da xestión da maior parte dos recursos cara á vellez, que nos proporciona a garantía do carácter público onde sempre estamos a tempo de mudar a dirección política do mesmo.

O sistema de pensións ten eivas, non imos negá-las, mais non as que lle atribue o Goberno e os axitadores a prol do finiquito do sistema público de Seguridade Social. É manifestamente mellorábel, mais aínda se temos en conta que segundo o Informe de EUROSTAT "Protección Social en Europa" (ano 2000), o Estado español gas-

ta só un 8,7% do Produto Interior Bruto, cando o promedio da UE é do 11%, sen que a estrutura demográfica do Estado español sexa moi diferente da europea para que se poda explicar ese importante diferencial. Asimesmo, o Consello Económico e Social amplia os datos ao gasto global no conxunto do sistema de protección social, onde o Estado español destina o 21,6% do PIB, face á media comunitaria do 27,7%, resultando ser o segundo Estado da UE que menos gasta adica ao apartado social.



Contia das pensións en Galiza.

Os datos sobre as pensións que perciben actualmente os pensionistas galegos e galegas son abondo elocuentes: existen na Galiza **679.000** pensionistas que perciben unha **média de 430,29 euros** face aos **515,97** da **média estatal (16,60% menos)**.

Os pensionistas de xubilación son **430.100** que perciben **479,89 euros** de **média** face a **588,35 euros** no **Estado (18% menos)**. Ademais, Galiza está á **cola** de todas as **Comunidades Autónomas** en canto ás **prestacións médias** dos seus pensionistas.

Proposta do BNG sobre as pensións

A alternativa que o BNG quere construír cimenta-se no reforzamento xeral do sistema público de Seguridade Social, e en concreto, nun sistema de pensións de xestión e control públicos que asegure ingresos dignos cando se atinja a idade na que se produce o cese na actividade laboral. As nosas propostas sobre as pensións insírense dentro doutra concepción da protección social por parte dos poderes públicos, que ten que analizar-se na súa vertente ideolóxica e económica, e non somente esta última para xerar confusión na cidadanía, e que ha de pasar necesariamente por ter un respaldo e control público, como única garantía para poder realizar unha política redistributiva dos recursos dispoñíbeis entre a colectividade, e para que sexan os cidadáns e cidadás quen decidan libremente sobre o futuro das súas pensións, sen que se adianten outros a decidir por eles en base a premisas e hipóteses interesadas.

O BNG vén de presentar a súa proposta sobre a reforma das pensións:

- Reforzar o sistema público de pensións, e insitir na vixéncia

do sistema de reparto interxeracional como o mellor mecanismo para transferir renda entre activos e pasivos.

- Reforzar o nivel contributivo da Seguridade Social, aumentando o gasto global en protección social até atinxir como mínimo o gasto médio en protección social do conxunto da UE.

- Implantar un plano para incrementar substancialmente as pensións non contributivas para que se situen, a curto prazo e, como mínimo, en niveis similares ao salario mínimo interprofesional.

- Avanzar na idea de que o sistema de pensións se dote de mecanismos para favorecer a redistribución de rendas entre activos de distintas profesións ou sectores.

- Manter a idade actual de xubilación, eliminando a regulación actual sobre a regulación flexible.

- Rexeitar calquer proposta que implique a extensión do período de referencia para o cálculo das pensións de xubilación, mantendo a eses efectos como referencia para determinar a contia das pensións a parte final da vida laboral.



¹ A restructuración no sistema de pensións emprendida a partir do Pacto de Toledo insírese no que se vén denominando "asistencialización" da protección social pública, onde os poderes públicos apenas se reservan o papel residual para garantir "mínimos asistenciais", cedendo amplos espazos ao sector privado e á capacidade individual de cada persoa para asegurar-se unha protección social complementaria que garanta un nivel digno de cobertura.

² O estudo "Redistribución e equidad en el sistema español de pensiones de jubilación", publicado polo Consello Económico e Social indica que o efecto inmediato da ampliación de 8 a 15 anos do período de cálculo para a pensión foi unha diminución xeral das pensións iniciais, especialmente no Rexime Xeral, onde a pensión média inicial antes da reforma ascendía a 125.296 ptas, e con posterioridade ficou en 115.708 ptas; e no Rexime Especial de Traballadores Autónomos, onde a pensión média inicial antes da reforma era de 55.521 ptas, e despois da reforma foi de 48.907 ptas.

³ Se tomamos un traballador medio que traballara 30 anos ininterrompidamente, e con bases de cotización mínimas, a pensión que percibiría segundo a lexislación actual é de 364,98 euros; mentres que usando para o cálculo da mesma toda a súa vida laboral a pensión quedaría en 258,75 euros.

⁴ Outras propostas que se están a formular dentro do debate sobre a reforma das pensións é o alongamento da vida laboral. No ano 2001 xa se aprobaron modificacións legais que permiten acoller-se á "xubilación flexible", estimulando a permanencia no posto de traballo por riba da idade legal de xubilación, afectando de cheo ao reparto do traballo. Esta medida vai en contra doutras políticas de fomento no emprego en segmentos da poboación que presentan altas taxas de desemprego, como é o caso dos mozos e mozas menores de 30 anos, podendo provocar nefastas consecuencias na incorporación dun maior número de persoas á vida laboral.



Sede Nacional
Avenida Rodríguez de Viguri 16, baixo
15702 Santiago de Compostela
Servizos Nacionais: Tel. 981 555 850 / Fax: 981 555 851
E-mail: sedenacional@bng-galiza.org
Páxina Web: www.bng-galiza.org

Colaboraron neste número:
Carlos Aymerich, Rubén Cela, Eva Lema, Xabier Macias,
Xan Muras, Uqui Permui, Alberte Souto, Iolanda Veloso

OPINIÓN

A VERDADEIRA FACE DA GLOBALIZACIÓN

Carlos Aymerich Cano

Se a queda do muro de Berlín pareceu anunciar – ao menos houbo quen así o entendeu – unha nova era de paz e prosperidade universais, ao fin da historia, hoxe é evidente que a oferta neoliberal limita-se ao autoritarismo e á guerra permanente.

Do suposto universalismo capitalista dos anos noventa, o que alguén deu en chamar a “globalización doce”, inzado de falsas apelacións á defensa do medio ambiente, á igualdade entre xéneros ou ao multiculturalismo, pasamos a unha “globalización dura” baseada no medo e carente de lexitimación ideolóxica algunha (quitadas as increíbles referencias á liuita do Ben contra o Eixo do Mal), asente no dominio militar e que, ben lonxe de calquer universalismo, está a facer realidade a sinistra profecía do “choque de civilizacións”.

Ao fin, como nos anos trinta do pasado século, a crise do sistema obriga ao capitalismo a presentar a súa verdadeira face: autoritarismo no interior, con claras similitudes cos fascismos de entreguerras, e imperialismo descarnado no exterior. É o mesmo que aconteceu hai setenta anos, a democracia e o dereito son as primeiras vítimas dun sistema que produce inxustiza e exclusión e que necesita, máis que nunca, da forza e da arbitrariedade para perpetuar-se nunha sorte de estado de excepción permanente.

E, daquela, que foi o que pasou? Por que o discurso oficial pode xa prescindir impunemente de xustificacións como a “expansión da democracia” ou a “defensa dos dereitos humanos”? Por que as formas de dominio brandas e pouco visíbeis – ideolóxicas – dan paso a formas de control duras e evidentes – represión, leis de excepción, intervencións militares? Por que a oferta neoliberal dirixe-se, máis abertamente de cada vez, ao centro do sistema deixando para o resto do mundo

o caos dos denominados “Estados fallidos” ou a explotación neocolonial do estilo que se está a experimentar en Afganistán ou no Iraqe?

Do meu punto de vista, son as propias contradicións do modelo neoliberal as que forzan esta nova estratexia: a evidencia dos límites ambientais – de cada vez máis tanxíbeis – do actual modelo de desenvolvemento e a imposibilidade da súa universalización, a necesidade de controlar recursos minerais e enerxéticos indispensábeis situados na periferia e, desde logo, a necesidade de manter unha economía financeira montada sobre o dólar fronte á irrupción do euro no cenário. Isto último sería, precisamente, o que explicaría a crescente rivalidade entre os diferentes centros de poder occidentais e o unilateralismo da política exterior ianqui.

Nun mundo así e cando xa ningún acredita que a globalización neoliberal vaia traer máis democracia e máis benestar, o medo é a única lexitimación posíbel. En consecuencia, a criazón, directa ou mediata, de ameazas é necesaria para xustificar, mesmo que sexa precariamente, as crescentes doses de violencia que o sistema precisa para manter a raia a uns inimigos de cada vez máis numerosos.

E os nacionalistas estamos tamén no punto de mira. Porque, como anti-imperialistas, defendemos o dereito de todos os povos a xestionaren os seus propios recursos. Porque, como demócratas, postulamos unha orde internacional baseada na igualdade de todos os povos e rexida polo Dereito. E máis tamén porque, como herdeiros dunha vella corrente de pensamento político que xa viu morrer varios impérios, sabemos que nengun poder pode manter-se indefinidamente sobre a forza e que o que a primeira vista pode parecer unha mostra de fortaleza é, na realidade, un sinal claro de febleza e de decadencia.

Unha cita imprescindible no Día da Pátria



Divertirse coa Galiza aberta ao mundo

Dous días de actividades durante os que disfrutar da riqueza ampla e variada das músicas do mundo; dous días de actividades para debater e admirar a creatividade da sociedade galega; dous días de actividades nos que confluirán identidade e vangarda, tradición e novas tendencias.



Galería Festival

Exposicións
Democracia e país.
15 anos medrando por Galiza. Galiza Nova.
Nunca Máis, a voz da cidadanía

Galería das ideas

Drogas: cara unha alternativa ao proibicionismo
Catástrofe do Prestige e a vixencia do nacionalismo.

Desorde mundial e auxe do militarismo.
Neoliberalismo e defensa do Estado de Benestar.

Galería das letras

Editoriais, Librerías, libros e autores/as de actualidade
Exposicións permanentes sobre Alexandre Bóveda e Avilés de Taramancos.

Galería audiovisual

Sala Nasa

Galería artesanal



Exposición e venda de produtos galegos

Espazo de animación

Xogos, efectos especiais, teatro

Feira de asociacións

Bar, zona de xantar

Zona de acampamento desde o día 23

CONTACTA CON NÓS

Se queres recibir máis información ao respecto do BNG cobre cos teus datos este cupón e envia-o á Sede Nacional do BNG: Rodríguez de Viguri 16, baixo, 15702 Santiago. Tel: 981 555850 / Fax: 98155 58 51.
E-mail: sedenacional@bng-galiza.org

Nome e Apellidos:
Enderezo:Localidade:
CP.....Teléfono.....Idade.....E-mail

Receber gratuitamente a revista BE-NE-GA Receber información para afiliarme ao BNG

Portas abertas para traballar polo País

Invítamos-te a dar un paso máis no teu compromiso con Galiza afiliando-te ao BNG